

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL PARA O FOMENTO DE VOCACIÓNS CIENTÍFICAS E TECNOLÓXICAS NA COSTA DA MORTE.

En Santiago de Compostela, a 18 de decembro de 2023

REUNIDOS

MARÍA JESÚS LORENZANA SOMOZA, Conselleira de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, nomeada para o devandito cargo polo Decreto 67/2023, do 15 de xuño, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG nº113, do 15 de xuño), actuando no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e polo Decreto 59/2023, do 15 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; e presidenta da Axencia Galega de Innovación (en adiante, GAIN), en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que crea a Axencia Galega de Innovación e apróbanse os seus estatutos.

JOSÉ MANUEL MATO MARTÍNEZ, Presidente da Fundación Eduardo Pondal (en diante FEP), en virtude das competencias que ten atribuídas polo artigo 18 dos correspondentes estatutos da devandita fundación.

EXPOÑEN

Que as partes que interveñen subscribiron, con data 7 de xullo de 2023 un convenio co obxecto de establecer as condicións de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Eduardo Pondal para o fomento de vocacións científicas e tecnolóxicas na Costa da Morte.

Que a participación do alumnado a diversas feiras do mes do outubro de novembro, imposibilitou que se executaran os gastos e pagos nos prazos previstos do convenio.

Que estes feitos motivan a necesidade de modificar o período de gastos e pagos previsto no convenio.

Polo exposto, as partes

ACORDAN

Primeiro.-

Formalizar a presente addenda ao convenio do 7 de xullo de 2023, a fin de modificar o parágrafo primeiro e o primeiro cadro da cláusula quinta do convenio no que se fai referencia ao período de realización de gastos e pagos, sen ningunha outra modificación.

Ningunha destas modificacións afecta á cantidade total recollida no convenio asinado en 2023 para financiar a Fundación Eduardo Pondal para o fomento de vocacións científicas e tecnolóxicas na Costa da Morte.

Segundo.-

Modificar o parágrafo primeiro e o primeiro cadro da cláusula quinta do convenio quedando redactado da seguinte forma:

QUINTA: Condicións de pagamento

Conforme ao estipulado no artigo 60 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Axencia Galega de Innovación, efectuará o pagamento da cantidade estipulada no convenio a FEP, unha vez comprobada a realización do obxecto do convenio e validada a documentación xustificativa presentada pola Fundación, conforme o sinalado a continuación:

	ANO 2023
Orzamento total	18.000 €
Período de realización de gastos e pagos	01/01/2023 08/11/2023
Data límite presentación documentación xustificativa	03/11/2023

E proba de conformidade, as partes asinan electronicamente a presente addenda por duplicado exemplar e a un só efecto.

Pola Axencia Galega de Innovación

Pola Fundación Eduardo Pondal

María Jesús Lorenzana Somoza

José Manuel Mato Martínez